

En 1897 Bram Stoker publicaba a novela, que como *Frankenstein* de Mary Shelley, ía dar lugar a una longa serie de productos culturais de variada factura. *Vlad Draculea, fillo de dragón*, fixo correr ríos de tinta, de celuloide, de pintura, de banda deseñada, e mesmo de notas musicais, pasando a ser un dos mitos máis importantes do século vinte. Un ser humano que se alimenta de sangue doutros seres e se mantén inmune ao paso do tempo. Parece que o personaxe de Stoker ten a súa raiceira en Vlad Tepes, príncipe de Valaquia no século XV. Sabemos que partiu de datos históricos na configuración da ficción que se constrúe arredor do Castelo de Bran. Con todo, a figura do vampiro semella moi anterior, e o medo aos vampiros aparece testemuñado en diferentes fontes, entre as que aparecen peripecias estrañas como a de Isabel Báthory, condesa húngara.

Máis recentemente na televisión e no cine sucédense todo tipo de series que recuperan e reconstrúen o personaxe, ora no plano individual ora no marco desa suposta sociedade secreta que segue alimentándose de sangue alleo, por veces mordendo e por veces tomando combinados con produtos roubados en centros de saúde.

Juan López Moctezuma (1929-1995) foi un dos grandes directores do xénero do terror, con liñas de traballo inaugurais e sorprendentes que hoxe explotan comercialmente novos creadores, entre eles un tal Guillermo de Toro, que anuncia que edita libros sobre o tema, e que curiosamente tamén procede de México. Curiosidades e intertextualidade. Debemos lembrar que o mestre Moctezuma traballou con creadores como Alejandro Jodorowsky en películas como *El topo*, cinta de culto onde as haxa.

Precisamente, mentres a figura de Drácula nos remite a unha sociedade agraria e feudal, algunhas das creacións de Moctezuma e Jodorowsky falan dun tempo anterior, que Lovecraft cualificaría como ominoso, porque estaríamos a falar de ritos e sociedades cósmicas como as que nos trasladan os mundos de Cthulhu, alleos á raza humana. Por aí andan películas como *Helraiser*, de Clive Barker, autor de interesantes fabulacións en torno ao *Necronomicon*, libro fascinante e ilexible. Todos eles, e tamén Carlos Castaneda, que recolle o conto do budismo zen, falan de fracturas na continuidade espazo-temporal que permitirían transitar, con perigo considerable, entre mundos paralelos. Por eses mundos tamén quería transitar o amigo Stoker, pois formaba parte da Hermetic Order of the Golden Dawn, sociedade luciferina.

Visto nesa perspectiva, Dracula perde corpo e semella un personaxe menos maligno, realmente un ser doméstico, e aínda sedutor. Se reparamos na simboloxía observamos como os elementos agrarios se mesturan coa fe bíblica e cristiá, e agroma a loita desta contra os supostos herexes, incluíndo unha visión fatídica da inmortalidade, ben diferente da luz na que habitan anxos, arcanxos, serafíns e querubíns. De novo a loita do ben contra o mal, da luz contra as tebras, de Gabriel contra Luzbel. Só que o Conde seguidor de Luzbel está en horas baixas, un tanto acabado, murcho.

Manuel Lourenzo volve visitar ao Conde nesta nova achega titulada *As horas baixas*, que quizais sexa, mesmo sen querelo, unha maneira de mostrar o esvaecemento dun mito que, para seguir sendo, precisa de mesturarse con aqueles outros mitos máis ancestrais, cunha dimensión que transcende ao ser humano como especie. Os problemas económicos do Conde e a súa vontade de regresar á patria, Transilvania, non deixan de ser unha mostra



Drácula na nación posmoderna

Na fin inevitable dun mito agrario

MANUEL F. VIETES

das dificultades de conciliar o mundo agrario e o urbano, malia que algunha película recente, como *Blade*, mostre unha imaxe anovada dos vampiros.

Ao final, o Conde, o seu axudante e a súa única seducida, a criada Flora, non deixan de ser parodia pobre do que foran noutrora as cortes vampirescas, como

aquela que ideara Roman Polansky en *The Fearless Vampire Killers*. Perdido en Londres, na beira sur do Támesis, onde se situaran grandes teatros da cidade, o Conde lamenta a perda do seu convento de Purfleet, un máis dos moitos mosteiros de monxes dominicos e agostiños que tras a desamortización de Henrique VIII pasaron

a mans de nobres e achegados. Por que non a mans de Drácula? Aquel tempo pasou, como pasou Shakespeare, e o Conde sente que o seu lugar está en Transilvania ou en ningures; no teatro ou en ningures.

LOURENZO, Manuel, *As horas baixas*, Santiago, Laiovento, 2008, PVP 12 €

O volume contén tres pezas. A primeira ocúpase de revisar a coñecida novela de Stoker e imaxinar asuntos pasados na perspectiva das tebras actuais, nun Londres animado polas bombas e xente que vai e vén, divertida e allea á realidade. En Southwark habita Drácula, personaxe histórico, de ficción e cun enorme potencial alegórico. En efecto, o mito admite lecturas en clave alegórica, pois dicir sangue pode equivaler a dicir suor e ba-

goas, co que o fenómeno do vampirismo iría por outros vieiros non menos importantes: a explotación do home polo home, e velá as practicas escravistas aínda ho-

Logo está *A crise do director de escena*, unha nova visita aos traumas, frustracións, maleficios, problemas, dores, padecementos e teimas dos artistas na hora de

cos. Unha crise provocada pola inseguridade, polo medo e por un degoiro de éxito e fotograma que moitas veces acaba por condicionar, para mal, o traballo. Remata a tríade o monólogo titulado *Vivaldi, señor*, quizais o mellor texto dos tres. Un falar no que o criado mostra os aspectos básicos do seu oficio, o oficio de servir aos outros e sentirse así satisfeito e realizado, sen outra aspiración que o benestar do señor, por que así un descansa. Brutal.

As horas baixas

xe presentes en boa parte do planeta, aquí no primeiro mundo pero tamén en África antes da chegada dos europeos. Non é este o caso, pero podería.

confrontar o seu traballo co público, coa crítica, cos demais integrantes do seu mundo, que curiosamente adoitan ser os máis feros devoradores de cadáveres artísti-